

Bloque VII: A Restauración borbónica (1874-1902)

24. A Restauración (retorno da monarquía e constitución de 1876).
25. A vida política da Restauración (quenda, caciquismo e fraude electoral).
26. A cuestión nacional no último terzo do século XIX.

24. A Restauración (retorno da monarquía e constitución de 1876).

Introducción:

A Restauración constitúe un longo período da España contemporánea que **se estende desde o pronunciamento de Martínez Campos en 1874, ata o golpe de Estado de Primo de Rivera, en 1923**, cunha importante **inflexión no ano 1898**.

Este período foi globalmente un **tempo de estabilidade constitucional, de modernización económica** e de afastamento do exército da vida política, pero tamén o foi de **dominio da burguesía oligárquica, de caciquismo e mais de falseamento electoral**.

A Restauración tivo que lle facer fronte á **expansión dos movementos sociais**, ó cuestionamento do dominio español tanto nas Antillas coma no Pacífico e, finalmente, á **emerxencia de propostas nacionalistas** que, desde Cataluña ou o País Vasco, esixían a reforma do Estado. A **crise do ano 98**, o chamado "desastre", foi unha aldabada que **fixo crebar as bases do sistema e formulou a necesidade de** tomar medidas orientadas á **rexeneración da vida política e social do país**.

1. Os fundamentos da Restauración.

Enténdese por Restauración, a volta ao trono de España da dinastía borbónica destronada tras a Gloriosa. O proceso do advenimiento ao trono de Alfonso, fillo de Isabel II, foi planeado polo político conservador Antonio Cánovas del Castillo durante o Sexenio. En 1870 convenceu a **Isabel II** de que **abdicase no seu fillo** e de que o enviase a estudar ao Teresianum de Viena e posteriormente á academia militar de Sandhurst, na que se formaba a monarquía británica. Creou o **partido alfonsino** para atraer á súa causa a oligarquía temerosa dos excesos democráticos do sexenio e da irrupción do movemento obreiro, conseguindo financiación do *lobby* escravista cubano. O proxecto de Cánovas dáse a coñecer a opinión pública española a finais de 1874 no momento en que o Príncipe de Asturias cumpríu 17 anos, idade mínima, segundo a Constitución do 69, en vigor, para exercer a Coroa. Con motivo do seu aniversario, **fixose público o chamado Manifesto de Sandhurst**, (a academia militar inglesa onde o Príncipe cursaba estudos), no que agradecía todas as felicitacións recibidas e explicaba a súa postura no caso de que fose chamado a gobernar en España. Este manifesto, asinado por Alfonso, foi redactado por Cánovas del Castillo e nel recóllense as ideas fundamentais nas que se baseará o chamado sistema da Restauración ou sistema canovista.

Cánovas non desexaba un pronunciamento militar a favor do novo príncipe, pero os acontecementos precipitáronse e o **pronunciamento do xeneral Martínez Campos**, o 29 de decembro do ano 1874, significou o fin da I República e a **restauración da monarquía na persoa de Afonso XII**. O novo sistema político foi configurado por Antonio Cánovas del Castillo que asumiu a rexencia ata que o rei chegou a España en xaneiro de 1875. Cánovas ideara un modelo político coa intención de asegurar a pervivencia da monarquía en España evitando todos os defectos do réxime de Isabel II e do sexenio revolucionario.

O seu pensamento político resúmese en tres grande puntos:

- **A teoría da constitución histórica ou constitución interna:** afirmaba que na historia de España existían tres institucións que eran a clave para manter a independencia e a estabilidade do país, **a Monarquía, as Cortes**, depositarias xunto co Rey da soberanía nacional, **e a Relixión católica**.

- **O equilibrio das forzas do poder:** Cánovas afirma que **para conseguir a estabilidade política** e con ela o **desenvolvemento social e económico**, as forzas sobre as que descansa o poder deben estar en equilibrio. Concibe unha especie de balanza con dous pratos nos que nun se depositan o **par (de forzas) executante** que son os **partidos políticos**, un no poder e outro na oposición, e no outro prato o **par (de forzas) depositario da soberanía**, a Coroa e as Cortes. Trátase do modelo inglés do equilibrio de poderes.
- **Unha constitución escrita:** ten que ser **deliberadamente ambigua e flexible** para concitar o apoio de todas as forzas políticas que defendan a *constitución interna*, de forma que os “grandes problemas” se solucionen nas leis que a desenvolvan por medio do transaccionismo.

1.1. As bases do sistema canovista

1.1.1. Trazos e obxectivos:

- Carácter **netamente conservador** e asentábase nun **sistema parlamentario liberal, pero escasamente democrático**.
- Devolver a **estabilidade política, económica e social**, alterada pola radicalización do Sexenio revolucionario e pola irrupción do obreirismo.
- **Superar** algúns dos **problemas endémicos do liberalismo precedente**:
 - O carácter partidista e excluínste dos moderados durante o reinado de Isabel II.
 - O intervencionismo dos militares na vida política.
 - A proliferación de enfrontamentos civís.

1.1.2. Bases do novo sistema. A Constitución de 1876.

As bases do novo sistema quedaron fixadas na **Constitución de 1876**, mestura dosificada das Constitucións de 1845 (moderada) e de 1868 (liberal radical). Tratábase dunha constitución na que a defensa dos valores tradicionais, como a familia, a relixión e a propiedade fose compatible coa incorporación, a medio prazo, dalgúns dos principios democráticos do ano 1868. Foi a mellor plasmación do proxecto de Cánovas e destaca polo seu pragmatismo, a súa flexibilidade, o seu carácter ecléctico e ambiguo e pola continuidade co constitucionalismo do século XIX (isabelino e do sexenio), recollendo fórmulas xa ensaiadas, o que explica a súa longa vixencia (1876-1923). Nela establecíase:

- **Soberanía compartida entre as Cortes e a Coroa**, institución que estaba á marxe de calquera decisión política.
- Recoñecía á **Coroa** como un dos piares do novo réxime e outorgábaselle o dereito de veto, a potestade lexislativa compartida coas Cortes e o nomeamento de ministros e senadores. O rei era ademais o xefe das forzas armadas (figura do rei soldado).
- As **Cortes** organizábanse en dúas cámaras colexislativas: o **Congreso dos Deputados** (o tipo de sufraxio definíase na lei electoral, censitario na de 1878 e universal masculino desde 1890) e **Senado** (oligárquico: en parte electivo, en parte vitalicio por dereito propio e en parte por nomeamento real).
- Proclamou a **confesionalidade católica do Estado** e, como consecuencia disto, restableceuse o orzamento de culto e de clero, pero recoñeceu a tolerancia doutros cultos (en privado).
- Así mesmo, contaba cunha **ampia declaración de dereitos**, pero a súa concreción remitíase a leis ordinarias que, polo xeral, tenderon a restrinxilos, especialmente os dereitos de imprenta, expresión, asociación e reunión.

1.1.3. Os piares do sistema. A Coroa, os partidos dinásticos e o exército.

Os piares básicos sobre os que se apoiaba o sistema canovista eran a **Coroa, os partidos dinásticos e o exército**.

a) **A monarquía** considerábase unha institución incuestionable e permanente que se atopaba por riba de calquera decisión política. O seu papel era exercer como **árbitro** na vida política e garantir o bo entendemento e a alternancia no poder entre os partidos políticos (poder moderador).

b) O poder debía ser compartido de forma alternativa entre os **dous grandes partidos dinásticos**, o conservador e o liberal, que renunciaban ós golpes de forza (pronunciamentos) como mecanismo para acceder ó goberno.

c) O terceiro pilar era **o exército**, ó que se quería afastar definitivamente da intromisión na vida política. Subordinouse ao poder civil pero outorgándolle ampla autonomía e absoluta liberdade nos seus asuntos internos. Asemade, potenciouse a identificación do rei como símbolo e cabeza visible do exército (figura do rei soldado). Agora ben, o proceso de despolitización do exército foi máis aparente que real, xa que a autonomía do poder militar acabou por se converter nun instrumento de presión sobre a vida civil.

1.2. A fin dos conflitos bélicos.

1.2.1.. A fin da Terceira Guerra carlista (1872-1876)

A estabilidade do réxime viuse favorecida pola fin das guerras carlista e cubana. **A restauración dos Borbón privou á causa carlista dunha boa parte da súa hipotética lexitimidade** e algúns personaxes do carlismo rematare por recoñecer a Afonso XII (como Cabrera).

O exército liberal baixo o mando de **Martínez Campos forzou a rendición dos carlistas en Cataluña e na zona de Aragón e Valencia. Desde aquela, a resistencia navarra e vasca foise debilitando ata a súa total rendición no ano 1876.** En febreiro dese mesmo ano, e unha vez perdidas todas as posicións, **don Carlos cruzou a fronteira francesa cara ó exilio** e a guerra deuse por rematada en todo o territorio.

Consecuencia inmediata da derrota carlista foi a abolición definitiva do réxime foral aínda que se estipulou **un sistema de "concertos económicos" (1878)** que concedía un certo grao de autonomía fiscal, en virtude da cal as provincias vascas lle pagarían anualmente á Administración central unha determinada cantidade que se encargaría de recadar directamente as Deputacións provinciais.

1.2.2.. A fin da guerra dos Dez Anos en Cuba. (1868-1878)

O final da guerra carlista permitiu o envío de novas tropas a Cuba, onde nun par de anos se lle puxo fin ó conflito bélico como **resultado tanto da actuación dos militares como da negociación**. No ano **1878 asinouse a Paz de Zanjón**, que incluía unha ampla amnistía, a abolición da escravitude (aprobada definitivamente en 1888) e a promesa de reformas políticas e administrativas polas que Cuba tería deputados nas Cortes españolas. O atraso ou incumprimento destas reformas provocaría o inicio dun novo conflito no ano 1879 (Guerra "Chiquita") e a posterior insurrección de 1895.

2. A alternancia no poder.

2.1. Bipartidismo e quenda pacífica

O sistema político da Restauración baseábase na existencia de dous grandes partidos, o conservador e o liberal, que coincidían ideoloxicamente no fundamental, pero asumían de maneira consensuada dous papeis complementarios.

2.1.1. Os partidos dinásticos.

Os **dous partidos**, o conservador e o liberal, **defendían a monarquía, a Constitución, a propiedade privada e a consolidación do Estado liberal, unitario e centralista**. Os dous **eran partidos de minorías, de notables**, que contaban con xornais, centros e comités distribuídos polo territorio español. A extracción social das forzas dos dous partidos era homoxénea abondo **e nutríase basicamente das élites económicas e da clase media acomodada**, aínda que era maior o número de terratenentes entre os conservadores e o de profesionais entre os liberais.

a) **O Partido Liberal-Conservador** organizouse arredor do seu líder, Antonio Cánovas del Castillo, e aglutinou os sectores máis conservadores e tradicionais da sociedade (coa excepción dos carlistas e dos integristas máis radicais).

b) **O Partido Liberal-Fusionista**, pola súa banda, tiña como principal dirixente a Práxedes Mateo Sagasta e reuniu a antigos progresistas, unionistas e algúns ex republicanos moderados.

En canto á súa **actuación política**, as diferenzas entre os partidos eran mínimas. Os conservadores amosábanse máis proclives ó inmovilismo político e á defensa da Igrexa e da orde social, mentres os liberais estaban máis inclinados a un reformismo de carácter máis progresista e laico.

Pero, na práctica, a actuación dos dous partidos no poder non difería moito, ó existir un **acordo tácito** de non promulgar endexamais unha lei que forzase ó outro partido a derogala cando volveuse ó goberno.

25. A vida política da Restauración (quenda, caciquismo e fraude electoral).

2.1.2. O sistema político oficial. Bipartidismo e quenda pacífica.

Para o exercicio do goberno establecíase a quenda pacífica ou alternancia regular no poder entre as dúas grandes opcións dinásticas, o obxecto da cal era **asegurar a estabilidade institucional** mediante a participación no poder das dúas familias do liberalismo. A quenda no poder quedaba **garantida** porque o **sistema electoral** invertía os termos propios do sistema parlamentario, no que a forza maioritaria nun proceso electoral recibe do monarca a encarga de gobernar (a confianza da Coroa). Deste xeito, cando o partido no goberno sufría un proceso de desgaste político e perdía a confianza das Cortes, o monarca (poder moderador) chamaba ó xefe do partido da oposición a formar goberno. Daquela, o novo xefe de gabinete convocaba eleccións co obxectivo de construír unha maioría parlamentaria suficiente que lle permitise exercer o poder de maneira estable. **A fraude nos resultados e os mecanismos caciquís** aseguraban que estas eleccións fosen sempre favorables ó goberno que as convocaba.

2.2. O sistema político real. A manipulación electoral e o caciquismo

A alternancia no goberno foi posible grazas a un **sistema electoral** que adulteraba sistemáticamente os resultados electorais mediante o control gobernamental do proceso - co recurso ao caciquismo- e a fraude electoral.

2.2.1. O sistema electoral.

O control do proceso electoral exercíase de arriba a abaixo: **o ministro da Gobernación elaboraba a relación dos candidatos que deberían ser elixidos (encadrado) e nomeaba os deputados** alleos á circunscrición, os chamados "**cuneiros**". Os **gobernadores civís** transmitíanlles a lista dos candidatos "ministeriais" ós **alcaldes e caciques** e todo o aparato administrativo se poñía ó seu servizo para garantir a súa elección.

2.2.2. A fraude electoral.

Todo un conxunto de trampas electorais axudaba a conseguir este obxectivo: é o que se coñece como a **fraude electoral**. Así, para conseguir a elección do candidato gubernamental, non se dubidaba en falsificar o censo (incluíndo a persoas mortas ou impedíndolles votar ás vivas), manipular as actas electorais, exercer a compra de votos e ameazar ó electorado con coaccións de todo tipo (impedir a propaganda da oposición e intimidar os seus simpatizantes ou non deixar actuados interventores, etc.).

2.2.3. O caciquismo.

Ademáis do falseamento electoral, o sistema político sustentábase no **caciquismo**. Os caciques eran individuos ou familias que, polo seu poder e influencia política, **controlaban unha determinada circunscrición electoral**, sobre todo nas zonas rurais, **grazas ó control dos concellos** (facían informes e certificados persoais, controlaban o sorteo das quintas, proponían a repartición das

contribucións) podían resolver ou complicar os trámites burocráticos e administrativos e proporcionaban postos de traballo. Así, os caciques **permitíronse exercer actividades discriminatorias** e cos seus "**favores**" agradecían a fidelidade electoral e o respecto polos seus intereses.

2.2.4. Participación electoral.

Todas estas prácticas fraudulentas se apoiaban na **abstención** dunha boa parte da poboación, a apatía electoral da cal se explica tanto por non se sentir representada como polo desencanto das forzas da oposición en participar no proceso electoral. Polo xeral, **a participación electoral non superou o 20 %** en case todo o período da Restauración.

Durante a Restauración, o goberno estivo en mans dos **dous partidos dinásticos**, que **foron alternando no poder**. A prexudicada da quenda pacífica foi **a oposición real (republicanos, carlistas, socialistas e nacionalistas)** que **non conseguiu nunca** obter un número suficiente de deputados para **formar goberno ou para contar cunha minoría parlamentaria** abonda para **exercer de verdadeira oposición**.

3.1. Os gobernos da quenda

Ó longo do período entre os anos 1876 e 1898, de todas as eleccións realizadas, seis foron gañadas polos conservadores e catro polos liberais. A quenda dinástica funcionou con toda regularidade ata o ano 1898, cando o impacto da crise erosionou os políticos e os partidos dinásticos. Por primeira vez, a comezos do novo século, nalgúns grandes cidades (Barcelona, Valencia, Bilbao...) as forzas da oposición convertéronse en hexemónicas, rompendo o monopolio dos partidos dinásticos. Pero a quenda, aínda que desprestixiada, dividida polas discrepancias internas e sen a forza de antano, sobreviviu ata o ano 1923.

3.1.1. Gobernos do reinado de Alfonso XII (1875-1885). Ditadura de Cánovas.

Nos primeiros anos no goberno Cánovas puxo en marcha o novo réxime da restauración, para o que era imprescindible pacificar o reino (final da guerra carlista e a de Cuba), elaborar unha constitución de consenso (1876) e revisar a lexislación do Sexenio. Por iso as súas primeiras medidas consistiron en :

Redución de liberdades (de expresión, de imprenta, de reunión, de cátedra e de sufraxio -Lei electoral de 1878-) e volta ao centralismo administrativo en Concellos e Deputacións Provinciais (Supresión dos Foros vasconavarros en 1876 e Lei da administración local de 1877).

O partido conservador mantívose no goberno desde o ano 1875 ata **o ano 1881**, cando os liberais accederon por primeira vez ó poder, **inciándose** deste xeito **a quenda pacífica**. Aínda que o ideario reformista liberal non foi aplicado nos seus primeiros anos de goberno (entre 1881 e 1884), o programa de reformas de Sagasta tivo a súa oportunidade no chamado Goberno longo, que se estendeu entre os anos 1885 e 1890, despois da morte de Afonso XII.

3.1.2. Gobernos da rexencia de María Cristina (1885-1902). Goberno Longo de Sagasta (1885-1890).

O temor a unha posible desestabilización do sistema político trala prematura morte do rei (1885), impulsou a conservadores e liberais a chegaren a un acordo, o chamado **Pacto do Pardo**, que lle deu paso a un goberno liberal que, co seu talante reformista, permitiu asegurar a continuidade do sistema. María Cristina, a viúva de Afonso XII, fíxose cargo da rexencia ata 1902, cando o seu fillo Afonso XIII acadou a maioría de idade.

O novo goberno liberal (**Goberno Longo de Sagasta**) levou a cabo unha serie de **reformas** coa intención de incorporar ó sistema algúns dos dereitos e das prácticas liberais asociados ós **ideais da revolución do ano 68**: sufraxio universal masculino en eleccións xerais (1890, xa o aprobaran para comicios municipais en 1882), abolición da escravitude (1888), Lei de Asociacións (1887). Deste xeito, ampliábase o censo electoral desde as aproximadamente 800.000 persoas a preto de 5.000.000, ó teren dereito ó voto todos os varóns maiores de 25 anos. Pero a existencia dos vellos

mecanismos creados polo sistema para o control electoral fixo imposible que a universalización do sufraxio permitise a democratización do sistema.

3.2. As forzas de oposición: os partidos antidinásticos, republicanismo e carlismo

Na práctica, o sistema da Restauración marxinou da vida política a amplos sectores da sociedade. Para iso formulouse unha dobre estratexia; dunha banda, integrar no xogo político ás faccións máis acomodaticias da oposición, outorgándolles un reducido espazo no Parlamento e, doutra, marxinar do sistema ós elementos máis radicais.

3.2.1. O carlismo

Entre os sectores que se decidiron polo enfrontamento coa Restauración hai que citar os carlistas, a **dirección** dos cales, tras o seu fracaso no conflito bélico, **optou polo exilio en Francia e polas constantes conspiracións**. Formáronse partidas de combatentes e introducíronse armas clandestinamente, pero os carlistas carecían de capacidade e de apoios para organizar levantamentos con forza, e, nalgúns casos, tamén, chegaron a colaborar coas insurreccións republicanas para derrocar a monarquía.

Vencido militarmente, o carlismo **pretendeu presentarse ante a opinión pública como a única forza política auténticamente católica**. Pero o apoio explícito dunha boa parte da xerarquía eclesiástica e do Vaticano á dinastía afonsina dificultou o éxito desta operación e **conduciu ó movemento carlista a unha excisión**.

- No ano **1888**, un **sector do carlismo de carácter integrista**, encabezado por **Ramón Nocedal**, creou o denominado **Partido Tradicionalista** definido, principalmente, polo antiliberalismo e pola defensa a ultranza da tradición e da relixión católica.

3.2.2. O republicanismo

O republicanismo, o gran vencido polo golpe militar do ano 1874, debeuse enfrontar ó **desencanto** dunha boa parte dos seus seguidores, a unha **forte represión** por parte das autoridades políticas e ás diverxencias e **divisións** no seu seo:

- Unha pequena parte do republicanismo, dirixida por **Emilio Castelar**, fundou o chamado **Partido Posibilista** e optou por **entrar no xogo político da Restauración**, aceptando un papel sinxelamente testemuñal.
- Os núcleos máis radicais formaron o **Partido Republicano Progresista** encabezado por **Ruíz Zorrilla**, quen desde o exilio alentou varios pronunciamentos nos anos 1883 e 1886, pero sen contar cun apoio popular significativo.
- O resto do **republicanismo unitario** organizouse arredor de **Salmerón**, mentres os **federais**, que eran o grupo máis numeroso, seguiron baixo a influencia de **Pi i Margall**, o seu líder histórico.

Os republicanos conseguiron refacerse da súa desfeita electoral nas eleccións do ano 1886 cando por primeira vez durante a Restauración houbo nas Cortes unha importante minoría republicana.

- A **introdución do sufraxio universal (1890)** significou a revitalización do republicanismo e estimulou a súa reunificación coa **creación do partido Unión Republicana (1893)**, que agrupaba **federais, centralistas e progresistas** -os posibilistas quedaban á marxe-. Así e todo, a pesar dos esforzos unitarios, o republicanismo sufriu as **consecuencias do movemento obreiro**, que cada vez se estaba a identificar máis co internacionalismo, e **perdeu gran parte das súas bases sociais e electorais**.

26. A cuestión nacional no último terzo do século XIX.

Un dos fenómenos máis salientables da Restauración foi a emerxencia de movementos de carácter nacionalista e rexionalista en diversas zonas de España, como Cataluña, País Vasco, Galicia... A xestión destes nacionalismos débese comprender como unha **reacción fronte ás pretensións uniformadoras do sistema político e administrativo** adoptado polo liberalismo e a súa pretensión

de **impoñer unha cultura oficial castelanizada**, que ignoraba a existencia doutras linguas e culturas.

Os nacionalismos periféricos.

Deste xeito, á oposición ao sistema da restauración sumáronse os rexionalismos e nacionalismos, cuxos obxectivos eran nalgúns casos moderados, como a creación de institucións propias ou a autonomía administrativa; e noutros máis radicais, como a independencia dos seus territorios, aos que consideraban auténticas nacións.

Entre eles destacaron o nacionalismo catalán e o vasco.

2. Os factores que propiciaron o nacionalismo.

a) A existencia de movementos culturais.

O impacto dos **movementos culturais do Romanticismo** xerou un interese pola recuperación das linguas vernáculas, o folclore e os costumes autóctonos, e a propia historia (especialmente medieval).

Estes movementos reivindicaban a memoria colectiva de cada territorio, cuxo pasado era idealizado, e o uso de linguas marxinadas polo castelán.

Entre estes movementos atopábanse a **Renaixença** (renacemento), que reivindicaba a identidade de Cataluña; os Xogos Florais (jocs florals) ou concursos literarios en catalán, onde destacou Jacint Verdaguer; os que apoiaban a recuperación e codificación do **eúsaro**; e o **Rexurdimento** galego (Rosalía de Castro).

b) A crítica do centralismo uniformador do Estado liberal.

- Os **nacionalismos defendían a realidade histórica e plural de España**, reflectida en diversas leis, foros e institucións. Esa realidade fora **suprimida polo centralismo borbónico no século XVIII co Decreto de Nova Planta en Cataluña e polo liberalismo do século XIX**, impoñendo un nacionalismo español **no País Vasco** tras as guerras carlistas coa **abolición dos foros**.
- Dábase a presenza de **dúas vertentes anticeutralistas**:
 - Unha era **conservadora, antiliberal e partidaria** de recuperar os **antigos foros**, e foi a máis importante **no País Vasco**.
 - Outra era **progresista, federalista e republicana**, e tivo **maior relevancia en Cataluña**. Con todo, ambas as tendencias apareceron nas rexións que reivindicaban a súa identidade.

c) A industrialización e os cambios económicos.

- A industrialización afectou o equilibrio dalgunhas rexións e á súa maneira de percibir a realidade nacional. Así, **a burguesía das rexións periféricas, en xeral, defendeu o proteccionismo** e os seus intereses como produtora fronte ás medidas liberais adoptadas polos gobernos da Restauración.
- O desenvolvemento de Cataluña era moi superior ao do resto de España e **as elites catalás reivindicaron que un maior peso político de Cataluña** beneficiaría a todo o país. A industrialización de Cataluña, fronte a unha España rural, considerouse como un signo máis da súa identidade nacional.
- **No País Vasco** ocorreu á inversa; o cambio foi moi rápido no último terzo do século XIX e provocou **a chegada masiva de inmigrantes procedentes do resto de España (maquetos)** en busca de traballo, circunstancia esta que foi **percibida** por algúns intelectuais e políticos **como unha ameaza cara ás tradicións e os costumes vascos**.

3. O nacionalismo político catalán.

- O **nacionalismo político catalán** xurdiu durante o **Sexenio Democrático** a través do **federalismo (Pi i Margall)**, que reivindicaba unha Cataluña integrada nun conxunto de estados españois federados.

- **Durante a Restauración, Valentí Almirall** foi o creador do **catalanismo** moderno, de orientación **federalista**; fundou o **Centre Català (1882)** para aglutinar a todos os catalanistas, que **presentou ao rei Alfonso XII** un Memorial de agravios ou **Memorial de Greuges (1885)**, que demandaba unha **política comercial proteccionista** e reivindicaba o **dereito civil catalán**. Outros escritores e pensadores foron partidarios dun nacionalismo catalán de signo tradicionalista e antiliberal, como mossèn Jacint Verdaguer ou o bispo Joseph Torras e Bages.
- **Unió Catalanista (1891)** tentou unificar todas as tendencias ao redor da burguesía nacionalista, ilustrada e **conservadora**, e promoveu as **Bases de Manresa (1892)**, documento que recollía o primeiro programa explícito do catalanismo e incluía un **proxecto de Estatuto de Autonomía** (nin centralismo nin separatismo) e do **restablecemento das institucións tradicionais catalás**, como as Corts (Cortes) e a Generalitat (Goberno).
- **Tras o desastre do 98**, a burguesía catalá apoiou posturas máis nacionalistas e rexeneracionistas, e en 1901 formouse o **primeiro gran partido catalanista**, a **Lliga Rexionalista (1901)**, partido conservador, católico e burgués, liderado por **Enric Prat da Riba** e **Francesc Cambó**.

4. O nacionalismo político vasco.

- O nacionalismo político vasco xurdiu a partir da **defensa dos foros** (abolidos en 1876), e **rexeitaba o proceso de industrialización** porque fracturaba e erosionaba a sociedade tradicional vasca. Así, na súa orixe, o nacionalismo vasco identificou o capitalismo e o centralismo co español e sinalou aos inmigrantes ou *maquetos* como os culpables da dexeneración da raza vasca a causa da mestizaxe.
- Estas ideas identificáronse cunha liña de **pensamento católica e antiliberal** que se resumía no lema **“Deus e lei vella”**. O ideólogo do nacionalismo político vasco foi **Sabino Arana**, que fundou en 1895 o **Partido Nacionalista Vasco (PNV)** e tamén deseñou a *ikurriña* ou bandeira nacional vasca.
- **A partir de 1898**, configuráronse dentro do PNV **dúas tendencias** que se manterían no futuro: a dunha dirección reivindicativa ante o goberno de Madrid que buscaba, como obxectivo máis viable, a **autonomía** dentro do Estado español; e a dunhas bases que cultivaban a aspiración final á soberanía e a **independencia**.

5. Outras expresións rexionalistas.

a) O rexionalismo galego.

O rexionalismo galego xurdiu como unha reacción **contra o atraso económico e a emigración**, dos que culpaba ao **Estado español**, ao que reprochaba a **marxinación** da súa rexión.

Rosalía de Castro, figura máis importante do **Rexurdimento**, en “Cantares galegos”, fixo unha apoloxía da súa terra e a súa lingua; e **Alfredo Brañas** foi o ideólogo do rexionalismo galego, tradicionalista e católico.

b) O rexionalismo valenciano.

O rexionalismo valenciano **rexeitaba o centralismo do Estado español, pero tamén o nacionalismo catalán**, que consideraba a Valencia parte da mesma comunidade lingüística e cultural. O novelista **Vicente Blasco Ibáñez** estivo moi vinculado ao republicanismo federal e á reivindicación do valenciano. O **Rat Penat** (o morcego) foi a asociación cultural e política máis importante da **Renaixença valenciana**, dedicada á promoción, defensa, ensino e difusión da lingua e cultura de Valencia.

c) O rexionalismo andaluz.

As primeiras ideas andalucistas, que xurdiron a finais do século XIX, non pasaron os restrinxidos círculos da intelectualidade progresista dalgúns cidades (Antonio Machado pai e avó do poeta).

Con todo, o rexionalismo andaluz, que presentaba como tema de fondo o problema da repartición da terra, foise configurando, xa entrado o século XX, co pensamento de Blas Infante.

6. Conclusión final.

O Estado centralista empezou a ser posto en cuestión desde Cataluña, onde emerxía un nacionalismo romántico e burgués da man de Prat da Riba e da Lliga, e desde o País Vasco, grazas á obra de Sabino Arana.

Os nacionalismos periféricos, xurdidos no século XIX, foron tomando forza durante o reinado de Alfonso XIII, do mesmo xeito que o republicanismo e os movementos obreiros, e foron as forzas que contribuíron en maior medida á descomposición do sistema da Restauración.